

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Logo de ver a resolución de alcaldía de data 19 de novembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións a asociacións culturais, deportivas, veciñais e educativas e para actividades de reinserción social do Concello de Rois para o ano 2019.

Logo de ver as bases reguladoras de subvencións a asociacións culturais, deportivas, veciñais e educativas e para actividades de reinserción social do Concello de Rois para o ano 2019.

Logo de ver que en data 26 de novembro de 2019 se publicou no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 225 e no taboleiro de anuncios, concedéndose un prazo de 15 días naturais para presentar as solicitudes, de conformidade co establecido na base sexta das bases reguladoras das subvencións, finalizando o prazo de presentación destas o día 11 de decembro de 2019.

Logo de ver que a Comisión de valoración das subvencións acordou a proposta de adjudicación con data 21 de febreiro de 2020, e para os efectos de proceder á valoración das solicitudes presentadas

Considerando o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, artigos 23 a 27 sobre subvencións en réxime de concorrencia competitiva e nas bases aprobadas por resolución de alcaldía

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a proposta definitiva de adjudicación de subvencións destinadas a asociacións culturais, deportivas, veciñais e educativas e para actividades de reinserción social, coas cantidades económicas que se relacionan de seguido:

ASOCIACIÓN	SUBVENCIÓN PREVISTA
CEIP URDILDE	2.700,00 €
ANPA SAN ISIDRO	2.000,00 €
ANPA DA FONTE ESCOLA INFANTIL	750,00 €
ANPA URCAEL	2.800,00 €
CORAL DE URDILDE	800,00 €
CLUB DE PESCA DEPORTIVA LONDRA	1.500,00 €
SOCIEDADE DEPORTIVA URDILDE	3.000,00 €
SOCIEDADE DEPORTIVA DE CAZADORES DE ROIS	1.000,00 €
GALICIA MOTORSPORT	750,00 €
MULLERES RURAIS DE URDILDE	750,00 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O TRAVADOIRO	750,00 €

ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA DE ROIS	750,00 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE RIBASAR	750,00 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DA PONTENOVA	750,00 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A CANDELARIA	750,00 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O CASTRO HERBOGO	750,00 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SANTO TOMÉ DE SORRIBAS	750,00 €
ASOCIACIÓN SAN XOÁN DE BUXÁN	750,00 €
ASOCIACIÓN SAN ANTONIO DE OÍN	750,00 €
ASOCIACIÓN DE MULLERES DE ERMEDELO	750,00 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CANTEIRA DE LEROÑO	750,00 €
ASOCIACIÓN SANAMEDE DE ROIS	750,00 €
ASOCIACIÓN VECIÑOS XUVENTUDE AUGASANTAS	750,00 €
AMIPA	2.000,00 €

Segundo.- Autorizar o gasto, recoñecendo a obriga de cada unha das subvencións concedidas.

Terceiro.-Publicar a presente resolución no Taboleiro de anuncios e na web municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de intervención e tesourería para o seu coñecemento e efectos oportunos.